

LECTURAS QUE SEMENTAN IGUALDADE

Obxectivos da sesión:

- Fomentar valores de igualdade, respecto e bo trato a través da lectura.
 - Crear espazos seguros nos que falar sobre relacións sans entre persoas.
 - Describir e identificar relación positivas entre personaxes.
 - Reforzar o vínculo lector entre o alumnado maior e menor.
-

Duración orientativa: 55 minutos

Proposta de desenvolvemento da sesión

1. Acollida e contextualización (5-10 min)

- Explicar que nesta sesión deberemos reflexionar sobre a importancia de tratar ben ás persoas, rexeitando o maltrato.
- Presentar a sesión cunha mensaxe introdutoria para os nenos e nenas:
“Hoxe imos descubrir como sos personaxes da nosa historia se tratan uns aos outros... e como nos gustaría que nos tratasen a nós”.

2. Lectura compartida (15-20 min)

Cada parella escolle un álbum ilustrado e léeno de forma conxunta. Tras a lectura, cubrirán a ficha anexa sobre as relacións que se estableceron na historia que acaban de ler.

3. Actividade artística: “A escena do bo trato” (20-25 min)

Cada parella creará unha ilustración inspirada nun momento do libro no que apareza respecto, amizade, axuda, coidado...

4. Peche da sesión (5 min)

- Cada parella di unha palabra positiva aprendida da lectura: axuda, respecto, amizade, igualdade, valentía, empatía...
- O profesorado pode lembrar: *“A igualdade constrúese con pequenos xestos cada día.”*

Materials necesarios

- Álbums ilustrados.
- Folios, cartolinas.
- Ceras, rotuladores....

Nota do equipo de biblioteca

Esta é unha proposta orientativa, especialmente pensada para facer arredor do 25N. Cada docente pode adaptala libremente ao seu grupo e escoller o conto e a actividade artística que mellor se axuste á súa aula.

O profesorado que desexe levar a cabo esta proposta, atopará a ficha para cubrir por cada parella de alumnado enriba da mesa da biblioteca. O profesorado deberá facer as copias que precise para o seu grupo na fotocopiadora de biblioteca e deberá deixar unha copia sen entregar enriba da mesa, para que o seguinte grupo poida facer o mesmo se así o desexa.

Moitas grazas pola vosa colaboración.